

## A ESCOLA DA VIDA

# ¿Crise? ¿Que crise?

15.05.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Pobriños de nós, os que estamos sendo culpabilizados das trapalladas alleas. Das dos banqueiros americanos, que converteron, pola famosa arte do birle birloque, o diñeiro en efectivo dos seus últimos impositores en intereses para os que o fixeran anteriormente, crendo, ademais, que o conto das súas contas lles ía durar indefinidamente. Das dos banqueiros europeos que, pola súa banda, pensaron que por que só ían encher os petos os seus homólogos, eles tamén tiñan dereito a facelo, e puxéronselles a contar a moitos o conto da leiteira ou, como dicíamos antes do euro, a proporlles pesos a catro pesetas.

E cando chegaron as rebaixas, todos os gobernos, ao unísono, reveláronnos o seu gran plan para sacarnos da ruína: "Démoslles os vosos impostos, para que logo eles volos devolvan cobrándovos uns xuros interesantes". Os financeiros non foron parvos, e cando tiveron os nosos cartos nos seus bancos, entregados xenerosamente polos nosos gobernos, o primeiro que fixeron foi tapar os seus furados, e cando tiveron todo cuberto e ben cuberto, sentíronse xenerosos e puxeron á venda ao por maior (dígoo polos intereses) o diñeiro que lles sobrava. Pero como viron que non lles quedaba para todos os solicitantes, pensaron que era preferible prestárllelo só aos mellores: a aqueles aos que máis garantías, avais, propiedades, empresas e un longo etcétera de bens terreaís lles pudiesen sacar. Que bonito é vivir do conto e da conta corrente dos demais!

Os gobernantes pensan: "Non hai que asustar os ricos que se nos poden ir con seus diñeiros a paraísos fiscais". "A eles hai que darlles prebendas para que estean contentos. Por exemplo, que as súas sociedades paguen pouco, o un por cento -por pórilles algún interese- como é o caso das SICAV, xa pagarán as facturas os funcionarios, os dependentes e os pensionistas. Total, para que queren eles o diñeiro, se logo o meten nos bancos".

Seguro que non lles dixen nada que non soubesen, pero penso que xa vai sendo moita hora de meter en cintura a todos estes gobernos neoliberais que estragan todo o feito e logo miran para outro lado cando o pobo lles pide contas.

A crise económica ten que servirnos a todos para un cambio no persoal dos gobernos que escollamos de aquí en diante. O que a fai que a pague, co seu propio posto, non cos dos demais.